

TROPICALIZACIÓN E NOVAS ESPECIES PESQUEIRAS

Por Rafael Bañón, Grupo para o Estudo do Medio Mariño (GEMM)

Un dos fenómenos máis aparentes do tan nomeado cambio climático é o aumento da temperatura dos mares, e unha das súas consecuencias máis evidentes é o desprazamento das especies cara ao norte no noso hemisferio. Este fenómeno denomínase tropicalización e consiste no aumento das especies de carácter tropical nas nosas latitudes, é dicir, da presenza de especies de augas máis cálidas en zonas temperadas como Galicia. Na práctica, consiste no aumento da abundancia das especies nativas que teñen o seu límite de distribución xeográfica no norte de España, e que polo tanto antes eran raras, e a aparición de novas especies que proveñen de zonas cálidas, principalmente das costas africanas e do Mediterráneo.

Pero este fenómeno non é exclusivo das nosas costas, senón que está a suceder por todo o mundo. Así, no Atlántico Europeo, os noruegueses están a capturar pescadas nas súas augas cando antes esta especie era moi ocasional e ao redor das Illas Británicas están a pescar sardiñas, salmonetes, bocartes ou escachos, especies típicas das nosas costas pero que eran pouco frecuentes nesas latitudes. Polo tanto, é un fenómeno en cadea, no que nós recibimos especies novas do sur pero, a súa vez, as nosas especies nativas estanse a desprazar cara ao norte.

As observacións levada a cabo en Galicia nos últimos 24 anos permiten constatar a tropicalización do medio mariño de Galicia coa chegada por primeira vez de numerosas especies tropicais. Destacan entre elas varias especies de caránxidos tropicais como o xurelo azul (*Caranx crysos*), ou doutras familias coma o peixe corneta (*Fistularia petimba*), peixes globo como *Lagocephalus laevigatus* e *Ephippion guttifer*, ou meros tropicais como *Epinephelus aeneus* e *Epinephelus costae*, entre outras moitas especies.

Que pode significar isto a longo prazo e canto tempo tardaría en suceder?

Segundo os datos dos que dispoñemos, e de seguir a tendencia de quecemento das nosas augas, é de esperar que as especies tropicais sexan cada vez máis abundantes e que, polo contrario, algunhas das especies nativas diminúan a súa abundancia, ben sexa porque se desprazan a súa vez cara ao norte ou porque son substituídas por algunha das novas especies que chegan do sur, por competencia entre as especies. Un exemplo podería ser o da xarda (*Scomber scombrus*), xa que hai anos nos que esta especie nativa diminúe a súa abundancia, e pola contra aumenta a da xarda pintada (*Scomber colias*) que é de augas máis quentes.

A tropicalización das augas galegas é un fenómeno lento e gradual, polo que son necesarios varias decenas de anos para poder constatar un destes procesos. Por exemplo, un dos primeiros casos de peixes de carácter tropical que apareceron en Galicia foi o peixe porco (*Balistes capriscus*), rexistrado por primeira vez no porto de Vigo no ano 1945. Esta especie foi sendo canda vez máis abundante ata que, no ano 2004, apareceu por primeira vez nas estatísticas das lonxas galegas, o que é unha clara sinal de que a especie xa está introducida e con poboacións estables. Facendo cálculos, serían necesarios 59 anos desde que unha especie tropical chega ás nosas augas ata que xa é abundante e de interese pesqueiro. Pero isto non quere dicir que todas as especies tarden o mesmo. A maioría das novas especies de carácter tropical chegaron ás nosas costas a partires da década dos 90, cando os efectos do quecemento global eran máis evidentes, polo que é de esperar que algunhas desas especies tarden menos tempo. Un dos mellores candidatos é un caránxido tropical, o medregal (*Seriola rivoliana*), que apareceu por primeira vez en Galicia no ano 2005 e que xa no ano 2019 empeza a ter descargas nas lonxas, polo que o tempo transcorrido de 14 anos é sensiblemente menor ao do peixe porco. Inda está por ver as consecuencias económicas que pode traer este cambio das especies pesqueiras. Por regra xeral, as especie de augas frías son máis saborosas e teñen máis valor económico que as especies de augas quentes, aínda que algunhas das especies tropicais como o peixe limón (*Seriola sp.*) poden acadar bos prezos e tamaños e atraer tamén a outros sectores

como aos pescadores deportivos.

Sobre o autor:

Rafael Bañón é Doutor en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Vigo, dentro do programa oficial de doutoramento en biodiversidade e ecosistemas. Desenvolveu a súa actividade laboral como biólogo en diversos contratos levados a cabo no Instituto de Investigacións Mariñas (IIM-CSIC), o Instituto Español de Oceanografía (IEO) de Vigo e a Xunta de Galicia. Participou en máis de 30 campañas científico-pesqueiras ao longo do Atlántico e é autor de máis de 100 publicacións científicas e divulgativas sobre taxonomía de peixes, bioloxía pesqueira, antropoloxía pesqueira, cambio climático e especies exóticas mariñas.

Blog: <http://ictiogal.blogspot.com/>